

AGPI

ASOCIACIÓN GALEGA DE PROFESIONAIS DA ILUSTRACIÓN

ACTA DA ASEMBLEA XERAL ORDINARIA SÁBADO 26 DE NOVEMBRO DE 2022. ASEMBLEA REALIZADA ONLINE A TRAVÉS DA PLATAFORMA ZOOM

Hora de convocatoria: 11:30h

Inicio da asemblea: 11:35h

Asistentes: 17

María Álvarez Hortas
Jorge Peral
Augusto Martínez Zamudio
Julio Cerletti
Paula Mayor
Álvaro Sempere Herrero
Idoia de Luxán Vázquez
Carmen Pintos
Bruno López
Sergio Covelo
Laura Romero
Alberto Guitián
Uxio Broullón
Henrique Torreiro
Miguel Cuba
Diego (Dicvs) Rodríguez
María Rodríguez

Orde do día:

● **Lectura da orde do día e a lectura da acta da asemblea ordinaria de 2021**

Sergio, secretario técnico da AGPI e moderador na asemblea, comproba primeiro que as persoas conectadas escoitan e ven o streaming. Laura, na súa primeira intervención como presidenta de AGPI saúda ós socios dende Cangas, onde ten unha actuación.

María Álvarez, secretaria da AGPI, procede a ler a **orde do día e a lectura da acta da asemblea ordinaria de 2021**

● Aprobación da acta da asemblea ordinaria de 2021 por **unanimidade**

Sergio Covelo, Secretario Técnico, procede a ler o **informe económico** desde a última asemblea.

● **O balance económico:**

- Ingresos: 29.417,26 euros
- Gastos: 29.495,26 euros

● **Previsión:**

- a 25 novembro na conta hai 6.893,41 euros
- Ingresos trimestrais por cotas dos socios: 3.400 – 3.500 euros
- Outros ingresos pendentes: 3.000 euros do segundo pago do convenio coa Xunta

● **Altas e baixas de socios e socias**

- Dende o cambio da secretaria técnica (marzo) efectuáronse 5 altas e 7 baixas.
- Número de socios actuais: 112 (o mesmo que no exercicio anterior)

● Aprobación do informe económico con **17 votos a favor**

Sergio Covelo, Secretario Técnico, procede a falar das **accións realizadas**

pola asociación, ao longo do curso 2021-2022:

- Tarefas administrativas e loxísticas
- **Cambio na Secretaría Técnica:** Marchou Nerea Pallarés e Sergio Covelo asumiu o cargo.
- **Cambio na conta do Banco:** Seguimos con ABanca, pero cambiando as persoas autorizadas da conta.
- **Xa temos CIF electrónico:** Xa temos certificado electrónico.

Sergio prosigue co informe de actividades:

• **Accións neste ano:**

• **Día da Ilustración 2022 “Reimundo Patiño”**

Ilustración do cartel por: Paula Mayor

Ilustradores colaboradores: Alberto Díaz, Aarón Moucho, Sandra Lodi e Andrea López.

Charlas online:

Poñentes: Xaquín Marín e Roberta Vázquez

Presentadora: Neves Rodríguez

Web: Coma e Henrique Torreiro e A. Guitián (contidos)

Streaming: Miraveo

Deseño: Luís Sendón

Vídeo: Isabel Vila (vídeo), Xulio Carballo (documentación),

Alberto Guitián (guión)

Coordinación: Alberto Guitián.

• **Charla “Arte e Ilustración: Faladoiro Creativo”**

Salón do Libro de Pontevedra 2022.

Moderador: Lizartonne

Poñentes: Eva Agra, David Fidalgo e Susana Suniaga (ausente por COVID)

• **Colaboracións habituais**

• **Xurados do Premio Nacional de Ilustración:**

Socio elixido como representante de AGPI

no xurado: Xosé Tomás.

• **Participación no Consello Asesor do Libro.**

Sobre este punto, Sergio comenta que a última reunión non se chegou a celebrar, pois tanto AGPI como o resto das asociacións plantáronse e fixeron un comunicado protestando polo funcionamento deste organismo, que consistía nun mero soliloquio da Secretaría Xeral de Cultura con pouca aportación por parte das asociacións.

Guitián pregunta qué asociacións se levantaron da mesa. Sergio comenta que a práctica totalidade das asociacións (libreiros, AGPI escritores, tradutores, etc.) plantaron esta reunión e fixeron comunicado na mesa. Sergio compara este foro co que se fixo no seu día ca xente do BNG no que se viu unha maior receptividade tanto da portavoz da agrupación, Ana Pontón, como da representante de cultura. A día de hoxe, esta Mesa non se volveu convocarl

- **Stand de AGPI no Viñetas dende o Atlántico.** Socia encargada do stand: Sandra Lodi.
- **Consultorio de Isabel Méndez.**
- **Nortear Ilustrado.**

- **Representación de AGPI nas Feiras Internacionais.**

Boloña (Laura Tova), Bos Aires (Laura Romero)

Sergio relata o funcionamento desta representación, similar ós anos anteriores (labores de representación de AGPI por parte das socias, realización de actividades no stand, decoración do mesmo con imaxes dxs socixs) Sergio menciona que Escenonet xa non se encarga de deseñar e montar os stands. Guitián pregunta qué empresa é a que os leva este ano e Sergio comenta que a empresa elixida este ano é Senlleiro, empresa que non coñece pero menciona que a nivel de deseño e bastante inferior a Escenonet. Guitián comenta que o stand de Frankfurt era bastante anodino e pregunta se o levaba Senlleiro e Sergio comenta que sí, xa que os contratos son por ano.

- **Ghrello Jam!: Jam de videoxogos.**

Tema: Luz

Coordinación: Lizartonne.

Presentación: Kunda da Silva

Xurados: Jorge Peral (AGPI)

Antonio Seoane (UDC)

Miguel A. Areán Míguez (Videoxogo.gal)

Sergio comenta que este evento está suxeito ó Convenio de Colaboración ca Consellería e que contou ca colaboración da Universidade da Coruña e de Videoxogo.gal na organización e con dous membros do xurado. Dimos dous premios de 750€ a mellor xogo e mellor arte.

Sergio pregunta a Jorge Peral, presente na assemblea. Jorge salienta a gran participación e bo nivel dos participantes, tendo en conto o pouco éxito que teñen estes eventos en Galicia. No aspecto organizativo houbo algo de confusión, pero en conxunto foi unha boa experiencia.

- **XIX Encontro Galego de Ilustración:**

- **Faladoiro cos socios de honra:** Fran Jaraba e Marina Seoane, moderado por Neves Rodríguez

Sergio comenta que estaba previsto que acudira tamén Lois Carreira, pero tivo que ausentarse por motivos de saúde. Encargamos ilustracións de homenaxe ós tres socios por parte das fillas de Fran e Marina, mentres que a ilustración adicada a Lois, foi realizada polo noso socio Jacobo Fernández.

- **Charla: "De BBAA á ilustración científica"** por María Viñas
- **Charla: "O lapis é unha navalla suíza"** por José Domingo
- **Obradoiro: "Negociar con arte"** por Isabel Méndez.
- **Xantar de Confraternización.**

- **FADIP:**

- **Participación de FADIP na mesa do Estatuto do Artista.**

- **Certificado dixital de FADIP**

Sergio salienta a labor dos representantes da APIE e de APIV para levantar FADIP

- **Elaboración de bases e organización da exposición: “ILUSTRACIÓN: una literatura visual” (FIL de Frankfurt 2022)**

- Representante AGPI no xurado:**

Almudena Aparicio.

Sergio menciona as visicitudes da organización desta exposición, o primeiro proxecto que se fai co Ministerio de Cultura a modo de ensaio para futuras iniciativas. Pese ós recortes no orzamento puido facerse unha exposición máis que digna. Esta exposición vaise levar á cidade alemana de Darmstadt en 2023.

- **Charla-coloquio «Ilustración: Una literatura Visual. Cómo defender nuestros derechos» na**

FIL de Frankfurt con participación de Alberto

Gutián, coordinador da Guía Ninja (AGPI)

Gutián suscribe os fallos organizativos do Ministerio e a evidente marxinación da ilustración na representación española e en concreto no sector do libro. Valora positivamente a calidade da expo.

- **Activación e reactivación de Clubes de Debuxo e Drink and Draw en diferentes localidades galegas**

- **Participación de socias na exposición NON**

Sergio menciona as actividades previstas para o ano que ven

- **Proposta de actividades e actuacións para 2022-2023**

- “Así non”, campaña didáctica/reivindicativa sobre os concursos de ilustración e cómic.
- Implementar o servizo de Safe Creative para xs socixs
- Elaboración das FAQs na web da AGPI
- Reformas na web para permitir a inscrición online de socios
- Consultas online a socios
- Publicación da nova Guía Ninja (en curso) Renovación da web da Guía.
- Publicación do novo Caderno AGPI (en curso)
- Día da Ilustración 2023. Adicado a Maria Antonia Dans (en curso)
- XX Encontro de Ilustración 2023
- Colaboración con FADIP en actividades como a elaboración de documentos como o novo Libro Branco.

Sergio comenta que hai cousas pendentes doutros anos, pero isto é motivado por temas de axenda e dos traballos nos diferentes proxectos. Menciona a subvención doa Deputación da Coruña no Caderno AGPI e na Nova Guía Ninja.

Presentación de novos candidatos para a xunta directiva

**Baixas: Bernal
Lizartonne
María Rodríguez
Eva Carballeira**

María Rodríguez e Eva Carballeira tiveron que deixar a directiva por motivos de traballo. María Ruíz comenta que quere permanecer la directiva un ano máis para rematar a tarefa de renovar os convenios con empresas.

Sergio comenta a necesidade de novos membros na XD, menciona de que Laura Tova presentouse voluntaria para entrar na XD. María Álvarez lembra que hai fórmulas alternativas como colaboracións puntuais dos socios en diferentes actividades como o Encontro, etc. Idoia comenta que podemos contar con el para temas de maquetacións, etc.

Sergio valora que a xente participe na XD polo menos a nivel de aportar ideas, experiencias, dar opinións, etc.

Augusto: Pide xente de Coruña xa que a sede está aí. Sergio comenta de que Bernal ten algo de material de AGPI no seu estudio por motivos de comodidade pero xa que marcha, solamente queda María Alvarez na directiva.

Álvaro Sempere apúntase á directiva.

Uxío apuntase a colaborar en cousas puntuais.

**Altas: Laura Tova
Álvaro Sempere**

María lembra que hai que votar para aprobar as candidaturas.

Apróvase a presentación dos novos candidatos por unanimidade.

· Rogos e preguntas:

Gutián comenta que este ano non pode ocuparse do Día da Ilustración por motivos persoais e se vai centrar na actualización da Guía Ninja.

Sergio menciona que Gutián **realizou un folleto sobre AGPI** para as feiras internacionais (en castelán e en inglés) a través das Bibliotecas de Galicia.

Sergio agradece a asistencia e promete unha próxima assemblea presencial.

Fin da assemblea.